

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA “SOBRES A” E “SOBRES B” DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E SALVAESCALEIRAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.**

Reunidos no salón de actos da casa consistorial, o día 28.01.15, ás 13:30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato de SERVIZO DE MANTEMENTO ASCENSORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E SALCAESCALEIRAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS por procedemento aberto, formada por D. Perfecto Rodríguez Muíños, que actuará como presidente, D<sup>a</sup>. Elvira Crespo Casal (secretaria acctal. da corporación), D<sup>a</sup> Maruxa Cabaleiro Cuíñas (interventora da corporación), que actuarán como vogais, e, por último, D<sup>a</sup> Celia Rodríguez Adán, funcionaria dos servizos xerais, que actuará como secretaria da mesa.

Despois da constitución da mesa, a secretaria procede ao reconto das proposicións presentadas, dando conta á mesa do número de proposicións recibidas na forma e prazo correspondentes e o nome dos licitadores.

Procédese a continuación á cualificación previa dos documentos achegados no tempo e forma correspondentes (Sobre A) e o presidente ordena a comprobación das declaración responsables presentadas nas que se indican que se cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración (Anexo I).

Unha vez feitas estas comprobacións se admiten as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA DE PRESENTACIÓN	Nº REXISTRO ENTRADA
ZARDOYA OTIS, S.A.	08/01/2015	35
ASCENSORES ENOR, S.A.	14/01/2015	85
KONE ELEVADORES, S.A.	15/01/2015	91

A continuación, as 13:45 horas, en sesión pública, se procede a apertura dos sobres B.

O presidente acorda proceder a examinar formalmente as ofertas presentadas e a secretaria dá fe da relación de documentos que constan.

A mesa de contratación a continuación declara admitidas as seguintes proposicións:

1. Zardoya Otis, S.A.
2. Ascensores Enor, S.A.
3. Kone Elevadores, S.A.

No cadro seguinte se reflexan as propostas das tres empresas admitidas:

EMPRESAS	TOTAL OFERTA 1	PUNTOS 1	TOTAL OFERTA 2	PUNTOS 2	OFERTA 3 (HORAS)	PUNTOS 3	PUNTOS TOTAIS
1. ZARDOYA OTIS	5.000,00 €	0,00	0,00€	0,00	2	0	0,00
2. ASCENSORES ENOR	3.165,36 €	10,00	1.816,21 €	5,00	0,25	1	16,00
3 KONE ELEVADORES	3.542,88 €	7,94	544,50 €	1,50	0,75	0,33	9,77

Sinalar en canto a proposición presentada pola empresa Kone elevadores, S.A., que no desglose dos importes por cada ascensor, porta automática e salvaescaleiras atópase duplicado un deles e incluído no prezo global, de acordo co artigo 84 do Regulamento 1098/2011 da Lei Xeral de Contratos das administracións públicas, que dispón: *“Si alguna proposición no guardase la debida concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento por parte del licitador de que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable, será desechada por la mesa, en resolución motivada. Por el contrario, el cambio u omisión de algunas palabras del modelo, con tal que lo uno o la otra no alteren su sentido, no será causa bastante para el rechazo de la proposición”*, e de acordo co informe 1/2011 da XCCA de Murcia, valorouse a oferta polo prezo global ofertado, xa que non se considera inviable a proposición, se ben vincula ao posible adxudicatario.

A Mesa de Contratación, á vista das puntuacións obtidas tendo en conta o recollido nos PCAP e no PPT, propón clasificar as proposicións presentadas polos licitadores coseguinte orde decrecente:

1. ASCENSORES ENOR,S.A.(16 puntos)
2. KONE ELEVADORES, SA.(9,77 puntos)
3. ZARDOYA OTIS SA (0,00 puntos)

E, polo tanto, proponse declarar como oferta máis vantaxosa do contrato de Servizo de Mantemento de Ascensores, Portas Automáticas e Salvaescaleiras, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, á empresa **ASCENSORES ENOR, S.A.**, ao obter unha puntuación de **16,00 puntos**, axustándose ó PCAP e ó PPT, coas seguintes ofertas:

- Oferta de execución do contrato de **3.165,36 € (IVE incluído)**

- Oferta de contía anual en concepto de reparación con relevo dos elementos deteriorados e reparación de averías por un total de **1.816,21 € (IVE incluído)**.
- Que ofrece como tempo para a personación nas dependencias municipais unha vez recibido o aviso do incidente por parte do Concello **15 minutos**.

O presidente dá por terminada a reunión ás 14:00 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, a secretaria, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

En Ponte Caldelas a 3 de febrero de 2015.

A mesa de contratación,

O Presidente:



Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

A Secretaria:



Asdo.: Celia Rodríguez Adán.

Vogal:

Asdo.: Maruxa Cabaleiro Cuíñas

Vogal:



Asdo.: Elvira Crespo Casal

